

Mancomunidad Salnés

CONTRATO PARA A “ENERGIA RENOVABLE EN LAS INSTALACIONES DE BOMBEO DE LA ETAP DE LA MANCOMUNIDAD DEL SALNÉS” PROCEDIMIENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

PROVIDENCIA DE INICIO

Visto o Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

Visto o acordo adoptado pola Xunta da Mancomunidad en sesión de 14-septiembre-2017 sobre aprobación da solicitude de subvención ao IDAE das actuacións que compoñen dito proxecto así como de aprobación da dotación presupostaria de 364.779,91 € para levalo a cabo.

Vista a subvención concedida polo “Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía” (IDAE) dependente do “Ministerio para la Transición Ecológica”, con destino á “Energía renovable nas instalacións de bombeo da ETAP da mancomunidad do Salnés”, por importe de 291.823,90€ sobre un orzamento subvencionable de 364.779,91€ (nº proxecto IDAE FEDER-EELL-2018-000052), para o investimento (344.364,79€ con IVE) e para honorarios técnicos (20.415,12€ con IVE).

Considerando o procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, constitúe a forma idónea de adxudicación do contrato, dadas as características do subministro a realizar e o prezo do mesmo.

A necesidade da administración á que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes a este contrato, consiste en realización de obras e equipamentos tendentes á mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de bombeo da ETAP da mancomunidad do Salnés, coa conseguinte redución de consumo, estando por tanto directamente relacionadas co obxecto do contrato. Igualmente debe procederse á xustificación do investimento subvencionado polo Ministerio para la Transición Ecológica.

Visto o proxecto técnico de: “Energía renovable nas instalacións de bombeo da ETAP da mancomunidad do Salnés”.

DISPOÑO:

Primeiro: Ordenar a incoación de expediente de contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, da “Energía renovable nas instalacións de bombeo da ETAP da mancomunidad do Salnés, por importe de: 284.599,00€, IVA 59.765,79€, TOTAL CON IVA 344.364,79€.

Segundo: A emisión de xustificante de existencia de crédito de intervención e informe de secretaría.

Terceiro: A redacción do prego de condicións administrativas particulares que rexerán

Mancomunidad Salnés

o contrato indicado.

O PRESIDENTE

Asdo. Gonzalo Durán Hermida